

**OS AXENTES FORESTAIS E AXENTES FACULTATIVOS
MEDIOAMBIENTAIS DE UGT DESCONVOCAN A FOLGA
LOGO DE QUE NA REUNIÓN MANTIDA O DÍA 5 DE
OUTUBRO COA ADMINISTRACIÓN SE ACADASE ACORDO.**

As principais melloras acadadas no novo texto, que foi facilitado na reunión do día 8 son:

- Segunda actividade similar aos bombeiros forestais.
- Instarán ao estudo dos coeficientes redactores ao goberno central.
- Dous días de compensación por festivo realizado.
- Farase unha regulación posterior para os Axentes das Illas Atlánticas, mentres esta non sexa aprobada, gozarán dunha media axuda de custo por manutención por día de traballo.
- Posibilidade de abrir a xornada máxima a 35 horas semanais (1.554 horas/ano).
- Efectos económicos en relación a gardas e axudas de custo por manutención a efectos do 1 de xaneiro do 2018.
- Mobilidade funcional voluntaria (art. 100 LEPG).
- Os dous meses de período extraordinario para os axentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, serán especificamente para competencias propias.
- Os festivos e os fins de semana localizables terán a mesma consideración en días libres que os de traballo efectivo.

**GRAZAS A TODOS E TODAS AS COMPAÑEIRAS E
COMPAÑEIROS POLA CONSTANCIA E PERSEVERANCIA NA
LOITA PARA ACADAR O QUE É XUSTO**

 **ATA AQUÍ CHEGAMOS.**

AGORA, NÓS